CONCELLO DE VIGO

FUNDACIÓN LISTE
MUSEO ETNOGRÁFICO
VIGO

MUSEO LISTE - ETNOGRÁFICO DE VIGO E CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL –CAT. PROGRAMACIÓN 1º TRIMESTRE 2013

MUSEO LISTE VIGO

- **EXPOSICIÓN PERMANENTE: VISITAS GUIADAS.**

Contido: Percorrido guiado por un total de nove salas abordadas dende unha perspectiva temática. A visita comeza pola sala dos tecidos, con especial atención ao traballo do liño; os oficios, simbolizados nun pequeno número de pezas como breves apuntamentos de todo un xeito de vivir; o peche, mostrándonos, máis aló da súa materialidade, os seus usos rituais; a madeira escavada, que amosa a relación do ser humano coa súa contorna; a luz, coas diversas pezas que alumearon distintos ámbitos antes da aparición da luz eléctrica; a relixión popular, exhibindo a súa materialización a través de exvotos, esmoleiros,...; a medicina popular, como recoñecemento dos saberes de tantos homes e mulleres que a través da natureza axudaban no alivio das enfermidades; a cultura do centeo, como homenaxe a este cereal que, dada a súa importancia nas dietas de antano, cambia o seu nome, en moitos lugares, para ser chamado pan; e, o rodado, facendo referencia á maxia da roda unida, de xeito especial, neste caso, ao carro de bois e á súa indubidable importancia.

Todos os obxectos expostos nestas nove salas conforman a cultura material dun pobo. Pero non podemos esquecer que, a través dela, achegámonos á chamada cultura inmaterial que é a que nos mostra a súa verdadeira esencia, os seus xeitos de pensar, de vivir, as súas crenzas, en definitiva, o modo de ver e encarar a vida que nos fai entender o noso pasado.

Duración: 1 hora.

CONCELLO DE VIGO

FUNDACIÓN LISTE
MUSEO ETNOGRÁFICO
VIGO

EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

- **EXPOSICIÓN TEMPORAL: DE REZOS A CONXUROS**

  Lugar: Sala de exposicións temporais do Museo.

  Datas: do o 15 de decembro ao 31 de xullo.

  Soporte didáctico:

  - Pezas procedentes da colección privada de D. Calros Solla Varela, comisario da exposición; amuleto-talismán cedido temporalmente polo Museo Massó de Bueu; pezas propiedade do Museo Liste e de diversos colaboradores.
  - Textos de sala como apoio á exposición.
  - Monitor-guía para grupos.

Contido: Máis de cen obxectos, aos que se lle asignan propiedades preservativas-defensivas, sandadoras ou propiciatorias, son a clave desta exposición. O discurso expositivo desenvólvese a partir da clasificación das pezas en catro grandes grupos: *amuletos*, obxectos de poder de natureza mineral, animal ou vexetal; *pedras da fartura*, amuletos de natureza pétrea que propician a abundancia en sentidos ben diversos; *os talismáns*, como elementos valedores ou sandadores elaborados, ou intervidos, polo ser humano; e, por último, os talismáns contemporáneos procedentes de diversas culturas e que mostran a maior apertura ao mundo que presenta a sociedade actual.

- **MOSTRA TEMPORAL: UN BALEIRO ÚTIL** (actividade complementaria e incluída no percorrido polo Museo.)

  Lugar: Sala da madeira escavada do Museo.

  Datas: todo o ano

  Soporte didáctico: pezas en madeira escavada procedentes de diversos países.

  Contido: achega dunha selección de útiles relacionados coa " madeira escavada", temática presente nunha das salas que reflicten solucións á problemáticas semellantes en lugares moi afastados do planeta. A través delas ofreceremos unha nova perspectiva dende o coñecemento comparado.

- **MOSTRAS FOTOGRÁFICAS: VEDACIÓNS.** (actividade complementaria e incluída no percorrido polo Museo.)
  Lugar: Sala de "O Peche" do Museo.
  Datas: todo o ano.
  Soporte didáctico: fotografías que ilustran as diversas formas de delimitar as propiedades privadas.
  Contido: A temática atinxe aos distintos tipos de valado das fincas que reflicten as moitas formas de delimitar a propiedade e a importancia que estes lindes tiñan na base dunha sociedade apegada e definida pola terra e o seu dominio.

- **MOSTRAS FOTOGRÁFICAS: RETRETES.** (actividade complementaria e incluída no percorrido polo Museo.)
  Lugar: paredes do "escusado" do Museo.
  Datas: todo o ano.
  Soporte didáctico: fotografías.
  Contido: Exhibe as variadas solucións hixiénicas de antano, cos vellos retretes de castelos, pazos e casas; así como outras solución cara o futuro dos inodoros que se foron afastando do campo.

OBRADOIROS

- **OBRADOIRO: TOUCADOS DE DANZAS.**
  Lugar: Sala "Devir das Estacións"do Museo.
  Datas: de xaneiro a marzo de 2013 (previa solicitude para grupos de 10 persoas como mínimo)
  Duración: 1 hora.
  Soporte didáctico:
  Monitor-guía
  Pezas pertencentes a coleccións privadas,entre outras:
    Asociación Folclórico Cultural e Xuvenil "Meiramar-Axóuxeres" de Moaña
    Agrupación Folclórica Xalgarete.
    Centro de Animación Rural As Cortellas, Padróns-Ponteareas.
    Museo Liste
  Contido: Nos derradeiros anos o Museo ofrece talleres dedicados aos elementos cos que antano se cubrían pés e cabeza posto que atesoura numerosas pezas referidas a esta temática. No 2013 vaise ampliar o contido co estudo dalgúns dos especiais toucados empregados nas distintas danzas de Galicia. Realizarase un percorrido temático polos máis famosos toucados de danzas da nosa xeografía coa

significación especial do seu simbolismo. Destacan os toucados do Carnaval tradicional de Meira cos sombreiros de Madamas e Galáns; sombreiros dos Xenerais do Ulla; toucados de danzas de Reis e Carnaval de Salceda de Caselas, entre outros.





TALLERES

- **TALLER: INSTRUMENTOS HUMILDES.**

Lugar:* Salas do Museo ou xardín circundante.
Datas: durante todo o ano previa solicitude de grupos de 10 persoas como mínimo.
Duración: 1 hora.
Dirixido a: adaptado segundo a franxa etaria a nenos e a adultos
Soporte didáctico: Instrumentos de son, instrumentos musicais e monitor guía.

Contido: supón un interesantísimo coñecemento dos múltiples recursos cos que orixinar sons musicais. A través do son e das cancións tradicionais e populares coñecemos a forma de tocar os instrumentos, a súa historia, como se fabricaban, as coplas que os acompañaban, se eran tocados por homes ou por mulleres,... O discurso do monitor leva a agrupar os instrumentos segundo a finalidade do seu uso primitivo en: instrumentos construídos co fin de tocar; obxectos de uso cotiá utilizados como instrumentos e xoguetes sonoros ou que imitaban instrumentos. A actividade adáptase, tanto en extensión como en nivel de información e actividades complementarias, ao grupo visitante.

*Este taller tamén se realizará no CAT se así se solicita.

CONCELLO DE VIGO

FUNDACIÓN LISTE
MUSEO ETNOGRÁFICO
VIGO

XORNADAS

- **XORNADAS PARA A COMUNICACIÓN: OBXECTOS DE PODER.**

  Lugar: Museo Liste.

  Datas: Por determinar. Serán convenientemente difundidas.

  Duración aproximada: 2 horas.

  Contido: Formuladas para promover o coñecemento e difusión de aspectos do noso patrimonio etnográfico. A temática refírese ao estudo dos obxectos asociados nun carácter máxico-simbólico, empregados como combate contra os poderes negativos.

Partindo da exposición temporal "De rezos a conxuros", que se exhibe actualmente no Museo, e tomando como elementos documentais e descritivos as pezas nela expostas, o profesor Carlos Solla, falaranos da vixencia dos amuletos e talismáns galegos tradicionais na actualidade.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- **A ILUMINACIÓN NO MAR** (actividade complementaria e incluída no percorrido polo Museo.)

  Lugar: Sala da Luz do Museo.

  Datas: dende o 12 de decembro de 2012 ao 31 de marzo de 2013.

Soporte didáctico: maquetas dos códigos de iluminación no mar, monitor guía.

Contido: O Museo dedica unha sala permanente a facer un percorrido polos distintos sistemas de iluminación que existiron ao longo do tempo.

Con esta nova actividade: *a iluminación no mar*, preténdese ampliar o súa visión no aspecto relacionado coa luz no ámbito mariño. A través de diversas maquetas, entre as que se atopa unha da ría de Vigo con algunhas das sinais luminosas que nela existen, achegarémonos ao coñecemento da importancia da sinalización marítima e dos seus códigos, aos oficios con ela relacionados como o de fareiro ou torreiro, o práctico do porto,... e a súa evolución ata o hoxe en día.
Unha vez rematada esta actividade no Museo Liste, está prevista a súa itinerancia, tamén como actividade complementaria, no Museo Massó de Bueu.

- **ACTIVIDADES PERTENCENTES AO CICLO ANUAL: A CANDELARIA**.

Lugar: Museo Liste.
Datas: dende do 29 de xaneiro ao 2 de febreiro
Dirixido a: grupos de nenos de infantil e primaria previa solicitude.
Soporte didáctico: diversos materiais para a confección dunha vela.
Contido: achega á celebración desta festividade que, xunto con San Brais, ten lugar ao principio do mes de febreiro. Analizaremos como mudou o seu carácter de rito pagán ao ritual sacro cristianizado que coñecemos hoxe en día. Ao xeito doutras festividades como o Samaín, a Candelaria deriva dunha festa estacional celta, de Imbolc neste caso, coa que se marcaba a renovación que supoñía o comezo do fin do inverno cara a primavera.

- **ACTIVIDADES PERTENCENTES AO CICLO ANUAL: O ENTROIDO**.

Lugar: Museo Liste.
Datas: do 5 ao 16 de febreiro.
Dirixido a: grupos de nenos de infantil e primaria previa solicitude.
Soporte didáctico: diversos materiais para a confección da máscara de "merdeiro".

Contido: Este ano dedicado aos "merdeiros". Personaxes propios do Entroido da cidade de Vigo que xorden como caricatura feita aos que vivindo na periferia da cidade baixaban a ela a recoller algas e outros produtos do mar cos que estercar os seus campos.
Colabora a Asociación A Revolta. Ademais de falar sobre esta personaxe típica do Entroido vigués, confeccionaremos, de forma sinxela, unha máscara de "merdeiro".

CONCELLO DE VIGO

FUNDACIÓN LISTE
MUSEO ETNOGRÁFICO
VIGO

- **ACTIVIDADES PERTENCENTES AO CICLO ANUAL: A SEMANA SANTA**.
  Lugar: Museo Liste.
  Datas: do 19 ao 30 de marzo.
  Dirixido a: nenos de infantil e primaria.
  Soporte didáctico: figurado portugués de Semana Santa, pertencente á colección privada de Líquen Losada. Monitoraxe.
  Contido: achegar esta festividade relixiosa e o seu coñecemento aos visitantes.

CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL – CAT

- **EXPOSICIÓN PERMANENTE: CESTEIROS NA TRADICIÓN** (xunto co taller: Os cestos do mar)
  Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT).
  Datas: ofértase dende o 15 de novembro de 2012, 3 días á semana previa solicitude.
  Duración: 1 h. e ½
  Soporte didáctico: Colección de cestería tradicional propiedade do C.A.T.
  Contido: Con esta exposición acóllese unha ampla mostra de pezas destinadas a dar solución ás necesidades que a vida diaria ía demandando. Escolleuse como fío condutor os distintos materiais empregados na súa elaboración; a partir de aí, as pezas móstranse en función da súa utilidade. Préstase unha especial atención á cestería en Vigo, cun módulo específico.

- **EXHIBICIÓNS DO PROCESO PRODUCTIVO: CESTOS DO MAR** (xunto coa visita á exposición: Cesteiros na tradición)
  Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT).
  Datas: ofértase dende o 15 de novembro de 2012, 3 días á semana previa solicitude.
  Duración: 1 h. e ½ 2
  Soporte didáctico: Monitor artesán especializado, material preciso en cada caso para a aprendizaxe práctica.

Contido: A intención desta actividade é ofrecer distintos obradoiros nos que descubrir algúns dos segredos saídos das mans destes artesáns a través do propio proceso produtivo no que van participar activamente.

Incídese na vinculación da cidade de Vigo co mar, que propiciou unha florecente actividade cesteira que tivo seu esplendor na primeira metade do s. XX, ata que os novos materiais a foron desprazando coa ameaza real da súa definitiva desaparición.

- **INSTRUMENTOS HUMILDES.**

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT).
Datas: durante todo o ano previa solicitude de grupos de 10 persoas como mínimo.
Duración: 1 hora.
Dirixido a: adaptado segundo a franxa etaria a nenos e a adultos
Soporte didáctico: Instrumentos de son, instrumentos musicais e monitor guía.

Contido: supón un interesantísimo coñecemento dos múltiples recursos cos que orixinar sons musicais. A través do son e das cancións tradicionais e populares coñecemos a forma de tocar os instrumentos, a súa historia, como se fabricaban, as coplas que os acompañaban, se eran tocados por homes ou por mulleres,... O discurso do monitor leva a agrupar os instrumentos segundo a finalidade do seu uso primitivo en: instrumentos construídos co fin de tocar; obxectos de uso cotiá utilizados como instrumentos e xoguetes sonoros ou que imitaban instrumentos. A actividade adáptase, tanto en extensión como en nivel de información e actividades complementarias, ao grupo visitante.

CURSIÑOS

- **CESTERIA TRADICIONAL DE VIMBIO: O CANISTRELO (12 HORAS).**

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT)
Datas e horarios: todos os mércores do mes de febreiro (días 6, 13, 20, y 27). De 17:00 a 20:00 h.
Nº de prazas: 10 persoas. Gratuíto previa inscrición. (Período de inscrición aberto, ata completar as prazas, a través dos contactos referidos no cadro final).
Docente: Rubén Berto Covelo, Artesán Cesteiro.

Contido: Un dos saberes máis antigos que o ser humano práctica, e aínda conserva, dende épocas prehistóricas é a arte do tecido das fibras vexetais, construíndo fermosos cestos e cestas para facilitar as tarefas da vida cotiá. A recollida de froitos, o transporte ou a almacenaxe de alimentos son algúns dos usos máis estendidos.
Con este obradoiro os alumnos e alumnas tecerán coas súas propias mans un cesto de vimbio aplicando técnicas tradicionais para reproducir unha das pezas máis emblemáticas da nosa cestería: o canistrelo.

- **CESTERIA DO MAR: A NASA (12 HORAS)**.

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT)
Datas e horarios: todos os mércores do mes de marzo (días 6, 13, 20, y 27). De 17:00 a 20:00 h.
Nº de prazas: 10 persoas. Gratuíto previa inscrición. (Período de inscrición aberto, ata completar as prazas, a través dos contactos referidos no cadro final).
Docente: Rubén Berto Covelo, Artesán Cesteiro.
Contido: O tecido das fibras vexetais é unha arte milenaria coa que se constrúen pezas tridimensionais que non sempre son cestos ou cestas. Un claro exemplo disto é a nasa, unha arte de pesca empregada polo ser humano dende tempos xa esquecidos, onde o vimbio fai un entramado que resulta ser unha trampa tanto para o peixe como para certos crustáceos que nela entren. Cada alumno e alumna deste obradoiro reproducirá unha nasa polbeira empregando materiais tan nobres como a cortiza, o vimbio, a pedra, a corda e o arame, aprendendo as técnicas tradicionais para a construción desta peza.

PERCORRIDOS URBANOS: MIRADAS ETNOGRÁFICAS

Lugar: O percorrido parte do Centro de Artesanía Tradicional (CAT).

Datas: a actividade ofértase todos os venres para grupos previa solicitude. Mínimo grupos de 15 persoas. Os particulares que desexen unirse ao grupo preestablecido, poderán facelo inscribíndose polas canles de contacto referidas no cadro final e sempre que existan prazas vacantes.
Hora: 16:30 h.
Duración aproximada: 2 h.
Monitor-guía: Elisa Pereira García.

Contido: Trátase de percorridos de coñecemento guiados polo espazo urbano dentro do Casco Vello da cidade, atendendo aos puntos de interese etnográfico. Van supoñer, tamén, estratexias de sensibilización cidadá con respecto á visión dos elementos patrimoniais, que reflicten o modo de vida que aconteceu. Salientar que o trazado da ruta presenta sempre variacións, o que supón un interese engadido para aqueles grupos ou particulares que desexen acadar un coñecemento máis amplo da zona histórica da cidade.

FALADOIROS ARTESÁNS

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT).
Datas: 27 de febreiro e 20 de marzo. Serán convenientemente difundidas.
Horario: ás 17:00 h.
Contido: Nacen estes encontros coa intencionalidade de protexer e divulgar os oficios artesanais, coñecelos no seu estado actual e ofrecer canles para a súa difusión nun proceso de achegamento dos mesmos á sociedade. Camiñar no intento de conseguir que o traballo artesán sexa visto dende unha nova perspectiva que lle abra un futuro no que poidan chegar a grupos de consumidores ben distintos, dende os tradicionalistas ao máis vangardistas. Trátase de promover un debate, aberto a calquera que desexe participar nel, sobre os temas propostos en cada convocatoria.

Obxectivo xerais:

Compartir experiencias e coñecementos.
Posta en común de propostas profesionais.
Estratexias de produción, promoción e comercialización.
Análise da actual situación e busca de respostas ante ela.
Canles de cooperación. Proposta de novos criterios de consumo e distribución.

Temas a tratar:

Febreiro: os artesáns e os artistas (27 de febreiro).
Marzo: innovación no deseño como estratexia de comercialización do produto (20 de marzo).

Dirixido: ao público en xeral.

CONCELLO DE VIGO

FUNDACIÓN LISTE
MUSEO ETNOGRÁFICO
VIGO

O ESCAPARATE

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT).
Datas: todo o ano.
Contido: exposición de produtos artesanais.

Convocatoria e proceso de inscrición: terán lugar catro convocatorias no ano. A primeira convocatoria comezará o 25 de xaneiro e rematará o 5 de febreiro.
Para os interesados, a convocatoria e inscrición solicitarase nas direccións do cadro final.

INFORMACIÓN XERAL

HORARIO
DE MARTES A SÁBADO:
MAÑÁNS : de 11:00 h. a 14:00 h.. TARDES: de 17:00 h. a 19:00 h.

PREZOS DE ENTRADA A O MUSEO LISTE
Xeral: 2,40€
Reducido: 0,90€. menores de 12 anos 3ª idade, parados e estudantes.
0,60 €. grupos de máis de 10 persoas.
Gratuíto: Centros de Ensino e Asociacións da 3ª Idade do Concello de Vigo; exposicións temporais e actividades que así o indiquen.

CONTACTO
Tfno. (provisional): 678993584
Rúa Pastora, nº 22, Vigo
museo.liste.prov@gmail.com
www.museoliste.org

HORARIO CENTRO ARTESANÍA TRADICIONAL: CAT:

MARTES E XOVES DE 11:00 A 14:00
MÉRCORES DE 17:00 A 20:00